

Programa Muller, a cooperativa é para ti

[En colaboración coa Rede Eusumo e o Programa de Emprego, formación, educación e economía social (EFESO) do FSE+]

DATAS REALIZACIÓN	Do 8 de abril ao 29 de maio de 2024	DURACIÓN	75 horas 25 horas curso
HORARIO	Haberá 6 sesións virtuais – 2 por cada curso – en horario de mañá a través de www.aulaespazocoop.com		
LUGAR CELEBRACIÓN	A través da Aula Virtual de EspazoCoop: www.aulaespazocoop.com		
PERSONA DE CONTACTO	Patane García Méndez	TELÉFONO	697877773
		E-MAIL	patane@espazo.coop

PARA INSCRIBIRTE [PREME AQUÍ](#)

OBXECTIVOS

- Achegar o modelo cooperativo ás mulleres para potenciar o emprendemento a través da fórmula do autoemprego cooperativo.
- Mostrar de xeito práctico e achegado á realidade as condición e pasos a dar para emprender baixo a fórmula cooperativa.
- Achegar recursos e medidas de apoio existentes que favorezan o emprendemento colectivo feminino.
- Coñecer recursos e metodoloxías que nos axudan a traballar e mellorar as habilidades sociais.
- Desenvolver habilidades persoais clave no traballo colaborativo.
- Coñecer que debemos analizar e ter en conta para facer da nosa idea un proxecto cooperativo viable.
- Elaborar conxuntamente o prototipo do proxecto.
- Avaliar requisitos e compromisos como grupo promotor, tarefas a desenvolver e calendario de actuación.

PROGRAMA E CONTIDOS

Acción 1: MULLER, LÁNZATE A EMPRENDER EN COOPERATIVA

25 horas | do 8 ao 24 de abril | Sesións virtuais: 10 e 24 de abril, de 11:00 a 12:30 hs

Módulo 1.- O emprendemento. A situación das mulleres no emprego. Presentación de Espazocoop, a Rede Eusumo e o programa EspazoCoop Emrende.
Módulo 2.- O cooperativismo de traballo, alternativa de emprego.
Módulo 3.- Organización e financiamento. Apoios para o emprendemento feminino.
Módulo 4.- Experiencia cooperativa. Boas prácticas de cooperativas promovidas por mulleres.

Acción 3: DESENVOLVENDO A IDEA COOPERATIVA

25 horas | do 13 ao 29 de maio | Sesións virtuais: 14 e 24 de maio de 11:00 a 12:30 hs

Módulo 1.- Identifica o teu proxecto cooperativo. | Módulo 2.- Analiza as áreas comercial e de mercado.

Módulo 3.- Estuda a viabilidade económica e financeira. | Módulo 4.- Planifica a área organizativa e os trámites de constitución.

Acción 2: HABILIDADES E COMPETENCIAS PARA O TRABALLO EN EQUIPO NAS COOPERATIVAS

25 horas | do 25 de abril ao 12 de maio | Sesións virtuais: 25/04 e 10/05, de 11:00 a 12:30 hs

Módulo 1.- A Comunicación.
Módulo 2.- O traballo en equipo.
Módulo 3.- A toma de decisións.
Módulo 4.- O liderado nas cooperativas.

METODOLOXÍA

A metodoloxía é activa e participativa. Buscamos captar o interese e a atención das persoas participantes para que se vinculen na actividade e haxa unha aprendizaxe significativa. Propoñemos actividades para o traballo en grupo pequeno, coñecer experiencias e boas prácticas, utilizar medios audiovisuais para enriquecer as exposicións. A nosa proposta é que as participantes sexan protagonistas no proceso formativo mediante a reflexión, a participación e a experimentación. Cada curso terá dúas sesións virtuais de aprendizaxe.

DIRIXIDO A

Mulleres, que se atopan buscando emprego, emprendedoras, ocupadas e con interese en desenvolver un proxecto de emprendemento cooperativo. Composición do grupo: mínimo 10 e máximo 20 persoas.



Este programa enmárcase:

- No programa de actuación 2023-2024 da Rede Eusumo. A Rede Eusumo é unha rede de colaboración impulsada pola Secretaría Xeral de Apoio ao Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade para o fomento do cooperativismo e a economía social.

- Programa de Empleo, Formación, Educación y Economía Social, EFESO, cofinanciado por el Fondo Social Europeo Plus para el periodo 2021-2027, a través del organismo intermedio CEPES.